

AIRE DE BORRALLA

"A Illa Verde", a colección de libros en pequeno formato da editorial Espiral Maior, pecha o ano 1996 editando a última obra poética de Fran Alonso: *Tortillas para os obreiros*¹. Autor xa ben coñecido dos lectores, tanto de narrativa -*Trailer*, *Cemiterio de elefantes*, *Silencio*- como de poesía -*A rota dos baleeiros*; *A lúa no probador*; *Persianas*, *pedramol e outros nervios*-, Fran Alonso consolídase como unha das voces máis activas e interesantes do panorama literario galego na actualidade.

Tortillas para os obreiros manexa unha estrutura narrativa binaria que combina, a un tempo, o relato poético de dúas historias paralelas sen máis puntos en común que as tortillas e unha fiestra de hospital sobre a Ría. Nos poemas que conforman a Secuencia A unha muller desprázase en barco de Cangas a Vigo onde traballa facendo tortillas nun bar frecuentado por obreiros. Nos textos da Secuencia B asistimos, desde o seu cuarto hospitalario, ó difícil tránsito cara á morte dun enfermo en fase terminal. Como nos explicita a voz do texto que abre o volume, estas

Son secuencias de soidade para o estertor definitivo. Unha muller de fazulas doces coma cereixas coloradas, que navega. Un enfermo de lavañeiras no sangue, que devala. E ese aire de borralla, que de mañá alanca. Ese aire que se espaxe pola ría e transporta arrecendos e neuroses. Son secuencias que lle roubo ás vísceras do mar agónico.

Mentres atravesa a Ría de Cangas, a muller que asume a voz poética na Secuencia A vainos facendo partícipes da súa situación familiar e laboral: explotación, drogadicción do fillo, desemprego do home, enfrontamento xeracional coas fillas... Abandónase, ás veces, a unha melancolía que ten o seu xerme no paso inexorable do tempo -"Ás veces poalla no mar/ como poallan os anos sobre nós"- e reflexiona sobre o seu fracaso como nai -"Tes fillos cafofos coma vacas frías/ que che enchen de cristais os calcañares./ Por iso o tretremi do barco é a miña agarimosa/ apocalipse maternal". Deste xeito, a viaxe confórmase como un tempo introspectivo para a muller

Eu mesma sinto na travesía deste mar

o mellor e o peor de cada día.

Nela axito docemente o meu sangue e

el á súa vez quéceme as tempas a diario.

É unha estraña sensación.

Logo a cociñar para os obreiros todo o santo tempo.

¹ Espiral Maior, Colec. "A Illa Verde", A Coruña, 1996.

No entanto, desde a cama onde agoniza, o home que *"PADECE do corazón/ e de índice elevado de lavañeiras en sangue./ Ten vitrocerámicas nos ollos das enfermeiras,/ que lle ferven o sangue con azucre/ e algodón, cada dúas horas"* explícanos o seu esmorecemento vital. Mentres médicos e enfermeiras manipulan o seu corpo e martirizan unha carne que se nega a reaccionar perante os remedios que se lle aplican, el soña con rendirse ante o avance inexorable da enfermidade e aceptar a *"Condición de morte, rebumbio de enfermeiras/ das mil mareas que tódolos días me electrocutan vida,/ en proporcións abundas para eu subsistir/ nas camas acáricas deste hospital"*. A soidade do doente, a radical soidade de quen se enfrenta ó final, é posta de manifesto por esta voz que devala só vixiada polo *animal-morte* que espera o festín dos despoxos

*Sinto como a morte respira debaixo da cama,
e rube polas sabas, e me ronda os ollos,
e quere despertarme entre tusidos e ruptura do ritmo cardíaco.
Sinto como me golpea as tempas, como me penetra as vísceras*

Estes dous personaxes contrapostos, muller e home, que nos falan de realidades diverxentes e sen relación están unidos por un fío ténue, o que tecen unha fiestra e as tortillas. A ventá *"centro trinta e cinco do piso catorce"* ábrese sobre a ría para que o moribundo vexa os barcos que veñen de Cangas, os mesmos nos que viaxa unha muller que pensa, mirando ó hospital desde o mar, que *"Se cadra ha estar calquera enfermo na ventá,/ coma un cazumbi,/ a ollar este mar triste"*. As tortillas que fai a muller son para o home, un símbolo da súa vida fóra do sanatorio, recordos dun tempo feliz *"Tuso entre estertores e penso tortillas de bogóns/ que me facía a mamai cando o meu corpo vivía"*.

Cada un destes mundos ten un léxico que o caracteriza. Termos domésticos e científicos derrámanse polos versos para crear dous ambientes distintos pero igualmente pechados e abafantes. A muller aplica a todas as realidades un léxico cheo de palabras referidas á cociña e ós alimentos: fogón, tortillas, azucre, cacao, tomate, etc. Así, califica ó pai como *"pescador co sangue cheo de azucre/ e ollos supurados de cacao"*. O enfermo utiliza termos científicos propios dunha linguaxe hospitalaria e dun léxico dos aparellos: vitrocerámica, hipertenso, ácaros, microondas, neuralxia, ictericia, etc. Véxase como exemplo a descrición do mundo como *"prescripción dunha festa de color, / posoloxía médica de crin / a pendurar/ entre as comparsas deste mal"*. A mestura de léxicos tan afastados desloca ó lector dunha realidade lineal para, dun xeito impresionista, facerlle chegar máis fondamente a mensaxe poética.

Vigo, esa cidade que, desde o barco, *"parece Nova York"* amósanos a súa cara máis baixa: os obreiros, os operarios, os agonizantes. Neste espacio desenvólvese a explotación laboral para ela -ese continuo facer tortillas que a convirte ós ollos do

lector nunha peza de engranaxe- e esgótanse as horas de vida para el. A ameaza urbana está presente na visión matunina cando, desde o barco que a leva, a muller fala así

VIGO desde aquí parece Nova York.

Coma nas películas dos sábados.

E sorrime, desde enfronte, cinicamente,

fermosa e altiva, a cidade das miñas penas,

a piques de engulirme.

E, na cidade, hai dúas vidas que esmorecen. Unha pechada na esterilidade da súa existencia, outra na morte que coloniza o seu corpo. Unha explotada en todos os ámbitos -persoal, laboral-, outra desafiuzada ata de si mesma e do seu corpo. Dous seres que respiran aire de borralla e maldicen o seu destino pois

ALANCA de mañá, ese aire de borralla que estoupa contra o barco. Contra os ollos de muller que se dilantan. Contra a vida que se perde. (...) A noitiña ínrame os tendóns e de súpeto faise de mañá e alanca ese aire de borralla. Escoito como estoupa contra o barco. Como unha vida se perde entre a néboa e o siroco.

TERESA SEARA

Galicien Magazin, 3, marzo 1997, pp. 33-34.